



## Concello do Grove

### ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDES DE SUMIDORIOS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura modificación da ordenanza acerca de:

- a. Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b. A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c. Os obxectivos da norma.
- d. As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de **dez días** a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b>	Asegurar o equilibrio orzamentario do concello, ao ser unha obriga imposta por Augas de Galicia, e sen prexuízo dos procesos xudiciais que están en tramitación.
<b>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación</b>	Xustifícase a necesidade no apartado anterior. A presente taxa é de devengo semestral (devengándose o primeiro día do período impositivo). O devengo da taxa do 2º semestre do 2020 prodúcese o

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 74J35L2E9C67PTE26CCL5QA2 | Corrección: <https://concellogrove.sectelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello do Grove

	01/07/2020, polo tanto, a presente modificación deberá estar definitivamente aprobada e publicada no BOPPO antes do 01/07/2020.
<b>Obxectivos da norma</b>	A revisión das tarifas de saneamento e depuración como consecuencia da obriga de incorporar ao servizo, a xestión da EDAR de Rons, explotada ata o mes de xullo de 2019 pola empresa que construíu as instalacións.
<b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b>	Non se plantexan solucións alternativas, dada a negativa de Augas de Galicia a asumir o mantemento da EDAR, nin tan sequera, mediante o establecemento dun coeficiente de vertedura.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 74J35LZE9C67PTE26CCL5QQA2 | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2